

ACTA DE APERTURA DO SOBRE C, DENOMINADO PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA NO CONCELLO DE AMES E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Na Casa do Concello de Ames sendo as dez horas do día 14 de novembro de 2014, reúnese a mesa de contratación designada no **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DENOMINADO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN.**

ASISTENTES:

Presidente: O alcalde do concello de Ames don Santiago V. Amor Barreiro.

Vogais:

- 1. A Secretaria do concello, dona Rosa Ana Prada Queipo
- 2. O interventor do concello, don José Antonio Rueda de Valenzuela
- 3. A concelleira delegada de Medio Ambiente, dona María Eugenia Martín Vicente
- 4. A arquitecta técnica municipal do concello, dona María Gamundi Fernández

• **Secretaria:** María Ofir Aboy García, funcionaria do departamento de secretaría.

Atópanse tamén presentes:

- Don Francisco Javier López Sanchez con DNI 36106147-B, que manifesta vir en representación da UTE Acciona Agua Servicios SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A.
- Don Ignacio Hernández Martínez Piqueras con DNI 07502140-T e don Bernardo Mingo Villalobos con DNI 50523563-A , que manifestan vir da empresa Gestión y Técnicas del Agua S.A.
- Don Agustín Ceferino Cambeiro Piñeiro, con DNI 76332913-F, que manifesta vir en representación da empresa Espina&Delfín SL.
- Don José Manuel Vale Vale con DNI 33307196-E e don Gonzalo Saavedra Gómez con DNI 44847396-H.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria, a indicacións do presidente da mesa, procede a dar lectura da puntuación outorgada á documentación relativa aos criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor, (sobre B) e que foi realizada con anterioridade a este acto de apertura.

A devandita valoración arroxou o seguinte resultado:

	PUNTOS MÁXIMOS	UTE	GESTAGUA S.A
PROXECTO DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO	12	9,75	11,85
Organización prantexada do servizo que	6	4,95	5,85

permita garantir a calidade de servizo			
Medios materiais e técnicos	6	4,8	6
METODOLOXÍA DE XESTIÓN E MELLORA	13	8,8	10,45
Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de abastecemento	5	3,82	3,44
Plan de control de calidade de auga potable	2	1,15	1,73
Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de saneamento	2	1,7	1,6
Plan de control de vertidos e fugas de saneamento	2	0,78	2
Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das EDAR e estacións de bombeo	2	1,35	1,68
MELLORAS RELACIONADAS CO SERVIZO	9	4,5	3,75
Obras de renovación	4	2	0
Outras melloras	5	2,5	3,75
Puntuación total	34	23,05	26,05

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación do procedemento aberto, serán os seguintes:

1. Canon inicial: ata 50 puntos

Deberase valorar ata un máximo de 50 puntos, conforme ao seguinte criterio (Sobre C):

O canon inicial mínimo ofertado non poderá ser inferior a 208.579 €

Canon inicial mínimo = 0 puntos.

Oferta máis alta admitida (Canon inicial máximo) = 50 puntos.

De acordo coa seguinte fórmula lineal:

$P_i = 50 (EC_i/EC_{max})$, sendo:

- P_i : Puntuación outorgada á oferta i
- " EC_i ": Alza sobre o canon inicial mínimo da oferta i
- " EC_{max} ": maior alza sobre o canon inicial mínimo de todas as ofertas admitidas.

1. Baixa sobre os prezos incluídos no Prego de Prescricións Técnicas:

Deberase valorar ata 10 puntos e será de aplicación a seguinte fórmula (Sobre C):

$P_i = 10 (B_i/B_{max})$, sendo:

P_i : Puntuación outorgada á oferta i .

B_i : baixa da oferta i

B_{max} : maior baixa de todas as ofertas admitidas.

2. Obras de reparación por enriba do mínimo esixido: ata 6 puntos

Deberase valorar ata 6 puntos e será de aplicación a seguinte fórmula (Sobre C):

Non se admitirán ofertas nas que $O_i < O_{base}$

Se $O_i = O_{base}$ entón $P_i = 0$.

Se $O_i > O_{base}$ entón $P_i = 6 \times (O_i/O'_{max})$, sendo:

O_i : porcentaxe dos ingresos que se ofrece como límite das obras de reparación na oferta i

(en tanto por cen e redondeado a 2 decimais),

Obase: Porcentaxe de ingresos tomado como base de licitación segundo a cláusula 27.i do prego de cláusulas administrativas,

Pi: Puntuación outorgada á oferta i,

O'i: Puntos porcentuais por enriba do mínimo esixido da oferta i (é dicir: $O'i = O_i - O_{base}$, expresado en tanto por cen),

O'max: maior diferenza en puntos porcentuais sobre o mínimo esixido de todas as ofertas admitidas (é dicir: $O'mx = O_{max} - O_{base}$, expresado en tanto por cento).

A continuación procédese a apertura dos sobres C, denominados "oferta económica", que conteñen a documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

Oferta presentada pola UTE Acciona Agua Servicios SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A	B-86774528 A- 1516815
--	--------------------------

✓ Canon inicial: **280.000 Euros**

- Porcentaxe de baixa sobre prezos de obras: **15%** (porcentaxe sobre prezos incluídos no Pregos de Prescricións Técnicas).
- Porcentaxe dos ingresos ofertado como límite máximo do importe das reparacións ao efecto do disposto na cláusula 27.i: **10,01 %**

Oferta presentada por Gestión y Técnicas del Agua S.A	A- 78139755
---	-------------

* Canon inicial: **250.078 Euros**

- Porcentaxe de baixa sobre prezos de obras: **0%** (porcentaxe sobre prezos incluídos no Pregos de Prescricións Técnicas)
- Porcentaxe dos ingresos ofertado como límite máximo do importe das reparacións ao efecto do disposto na cláusula 27.i: **10%**

A continuación procédese a valorar a documentación contida no sobre C ("proposición económica"), correspondente aos criterios avaliábeis mediante aplicación dunha fórmula, obténdose o seguinte resultado:

LICITADOR	PUNTUACIÓN CANÓN INICIAL	PUNTUACIÓN PORCENTAX E BAIXA	PORCENTAX E INGRESOS	PUNTOS TOTAIS OFERTA ECONOMICA
UTE Acciona Agua Servicios SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A	50	10	6	66
Gestión y Técnicas del Agua S.A	29,05	0	5,99	35,04

A continuación, a mesa de contratación de acordo co establecido no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, procede a elaborar a proposta da clasificación dos licitadores por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

LICITADOR	PUNTUACIÓN REFERENCIAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS TOTAIS
UTE Acciona Agua Servicios SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A	23,05	66	89,05
Gestión y Técnicas del Agua S.A	26,05	35,04	61,09

Á vista das puntuación obtidas a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Trasladar ao órgano de contratación a clasificación de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación-do servizo público do ciclo integral da auga no Concello de Ames á UTE formada por Acciona Agua Servicios SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A, con CIF, respectivamente, B-86774528, e A- 1516815, nas seguintes condicións:

* Canon inicial: **280.000 Euros**

- Porcentaxe de baixa sobre prezos de obras: **15%** (porcentaxe sobre prezos incluídos no Prego de Prescricións Técnicas).
- Porcentaxe dos ingresos ofertado como límite máximo do importe das reparacións ao efecto do disposto na cláusula 27.i: **10,01 %**

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto sendo as dez horas e trinta minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.